

Desenvolvemento da celebración de Nadal

CPI ATIOS

Martes 22 de decembro de 2020

Ás 11:30 da mañá comezaremos a emitir o "programa especial de Nadal" a través de Webex, no que presentadores/as e reporteiros/as nos irán conducindo polas distintas partes e espazos do programa. Aínda que simplemente se trata de estar atentos/as ás pantallas, queremos darvos un pequeno guión de como se vai ir desenvolvendo a celebración coas horas aproximadas de cada "acontecemento" (xa que poden variar en caso de haber algunha dificultade técnica ou algún outro imprevisto). O programa, pois, desenvolverase do seguinte xeito:

11:30 - Comezo do programa. Simplemente conectar a través da ligazón habilitada para tal efecto no apartado do EDLG da web do centro.

11:35 - Conexión coas reporteiras do corredor de Educación Infantil, que estarán a retransmitirnos o ambiente festivo desa zona e entrevistarán a Apalpador, Papá Noel, Reis Magos e elfos (que nese momento estarán a visitar aos/ás máis peques do centro).

11:50 - Discurso do rei.

12:00 - Badaladas e posterior baile de música discotequeira.

12:20 - Conexión coas reporteiras do corredor de Educación Primaria, que nos

transmitirán como se vai desenvolvendo a celebración nesa zona e, posiblemente, entrevisten a algún mestre/a.

12:35 - **Olo!** Vídeos, cancións e rememoración de festas anteriores: Neste momento desconectaremos e será o profesorado correspondente o que lle poña á clase algún vídeo dos que gravou o alumnado durante estes días ou algún de cursos anteriores. Deixámosvos a continuación as ligazóns que podeades utilizar:

- [Cancións de Nadal](#)
- [Baile panxoliña de 2º C I](#)
- [Baile panxoliña 2º C II](#)
- [Obra de monicreques sobre o Apalpador realizada polo alumnado de EP](#)
- [Conto sobre o Apalpador](#)
- [Festival de Nadal curso 2019-2020](#)
- [Festival de Nadal curso 2018-2019](#)
- [Festival de Nadal curso 2017-2018](#)

13:10 - **Recreo no horario habitual**

13:30- Retomamos a conexión co "programa televisivo" e conectaremos co reporteiro e reporteira encargados do corredor da ESO e da sala do profesorado. Estade preparados/as tamén por se vos piden unha entrevista.

13:50 - Conexión co comedor escolar.

14:00 - Conexión coa cafetería.

14:15 - Agradecementos e despedida do presentador e a presentadora.